

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Secretaría

Nomeamento dos membros da Xunta Goberno Local e tenentes de alcalde, mandato 2023-2027

ANUNCIO

NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA GOBERNO LOCAL E TENENTES DE ALCALDE, MANDATO 2023-2027

En cumprimento do preceptuado polos arts. 46 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía 398/2023, do 3 de xullo de 2023, pola que se procede ao nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e Tenentes de Alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños, sendo esta do seguinte tenor literal:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA GOBERNO LOCAL E TENENTES DE ALCALDE, MANDATO 2023-2027

EXPEDIENTE: 2023/X999/000203

Vistos os arts. 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; os arts. 59, 61, 62 e 65 seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e os arts. 35, 41, 46 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica de Bergantiños aos/ás seguintes Sres./Sras. Concelleiros/as:

- D. Alfredo Cañizo Garrido
- D. Miguel Ángel Fernández Mirás
- Dna. Noelia Freijeiro Novo
- Dna. María Soledad Blanco Gorín

A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que exercerá a Presidencia, e os/as Sres./Sras. Concelleiros/as antes mencionados.

Segundo: Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, con expresión da súa orde de nomeamento:

- Primeiro Tenente de Alcalde: D. Alfredo Cañizo Garrido
- Segundo Tenente de Alcalde: D. Miguel Ángel Fernández Mirás
- Terceira Tenente de Alcalde: Dna. Noelia Freijeiro Novo
- Cuarto Tenente de Alcalde: Dna. María Soledad Blanco Gorín

Terceiro: De conformidade co previsto nos arts. 46 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais notificar a presente aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as nomeados/as, surtindo efectos a mesma desde o día seguinte a súa firma, previa aceptación dos/das nomeados/as, e con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A referida aceptación poderá ser expresa, consignándoa así no duplicado da notificación, ou tácita se no termo de tres días hábiles non manifesta o contrario ante a Alcaldía.

Cuarto: Proceder, de conformidade cos arts. 46 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e co art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á publicación da presente no Boletín Oficial

da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no portal transparencia, dando conta da mesma ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

Quinto: Que a sesión constitutiva deste órgano se celebre dentro dos dez días seguintes á firma da presente resolución de conformidade co previsto no art. 112.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).

Malpica de Bergantiños, a 5 de xullo de 2023

O alcalde,

Asd.: Eduardo J. Parga Veiga

2023/5473



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Secretaría

Delegación competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mandato 2023-2027

ANUNCIO

DELEGACIÓN COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, MANDATO 2023-2027

En cumprimento do preceptuado polos arts. 43 e 54 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía 400/2023, do 4 de xullo de 2023, pola que se procede a delegación de competencias/atribucións da Alcaldía en Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica de Bergantiños, sendo esta do seguinte tenor literal:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: DELEGACIÓN COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, MANDATO 2023-2027

EXPEDIENTE: 2023/X999/000210

Vistos os arts. 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o art. 65 seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e os arts. 43, 44, 53 e 114 e ss do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, quedando revocadas as anteriores delegacións efectuadas na mesma:

- 1.- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídos expresamente ao pleno, así como a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.
- 2.- A resolución dos expedientes de licenzas urbanísticas.
- 3.- A resolución das solicitudes de prórroga e toma de razón dos cambios de titularidade das licenzas urbanísticas.
- 4.- A aprobación/toma de coñecemento dos proxectos de execución cando a licenza urbanística referida á execución de obras ou instalacións fose outorgada con arranxo a un proxecto básico.
- 5.- A declaración de innecesiedade de licenza para a división ou segregación de terreos nos supostos previstos pola normativa urbanística.
- 6.- A resolución dos expedientes de licenza de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial vinculados/relacionados ás/coas licenzas urbanísticas.
- 7.- A emisión de informe nos expedientes seguidos para o outorgamento de licenzas reguladas na lexislación urbanística ou na sectorial que resulte de aplicación por remisión desta, incluídos os dos procedementos de licenza de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial vinculados/relacionados ás/coas licenzas urbanísticas e en xeral os dos procedementos precisos para o desenvolvemento dunha actividade.

Segundo: Que as delegacións anteriores se suxeiten ao seguinte réxime xurídico:

- a) Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo, en consecuencia, a Alcaldía a resolución dos recursos de reposición e extraordinarios de revisión que se presentaren contra os actos administrativos ditados en exercicio de facultades delegadas.
- b) Os acordos que adopte a Xunta de Goberno Local en exercicio destas facultades delegadas indicarán esta circunstancia.
- c) O ámbito temporal destas delegacións cinguese ao presente mandato.

Terceiro: Que as citadas delegacións surtan efectos desde o día seguinte á firma da presente, con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co previsto no art. 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Cuarto: Notificar persoalmente esta resolución aos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo de que se dea conta da mesma na sesión constitutiva do referido órgano.

Quinto: Proceder, de conformidade cos arts. 44 e 53 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e co art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no portal transparencia, dando conta da mesma ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).

Malpica de Bergantiños, a 5 de xullo de 2023

O alcalde,

Asdo.: Eduardo J. Parga Veiga

2023/5476



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Secretaría

Delegación competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local para a fixación dos prezos públicos, mandato 2023-2027

ANUNCIO

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS/ATRIBUCIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A FIXACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS.

En cumprimento do preceptuado polo artigo 51 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente faise público o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión extraordinaria celebrada o día 13/07/2023, polo que se procede á delegación de competencias/atribucións deste na Xunta de Goberno Local para a fixación dos prezos públicos, sendo o citado acordo do seguinte tenor literal:

Visto que o art. 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o art. 51 do Real Decreto, 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establecen a posibilidade de que o Pleno delegue o exercicio das súas competencias/ atribucións na Alcaldía ou na Xunta de Goberno Local, a excepción das enumeradas neses mesmos artigos.

Visto que o art. 22.2 q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que corresponde ao Pleno da corporación, “as demais que expresamente lle confiran as leis”, referíndose as atribucións deste.

Visto que o art. 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece en relación a fixación dos prezos público que: “O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, sen prexuízo das súas facultades de delegación na Comisión de Goberno, conforme ao artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local”.

Considerando que a delegación do exercicio das competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local en relación a fixación dos prezos públicos vai permitir unha maior axilidade e eficacia na tramitación destes expedientes.

É polo que á vista do exposto e de conformidade co establecido no art. 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no art. 47 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nos arts. 51 e 114 e seguintes do Real Decreto, 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se propón a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias que lle corresponden ao Pleno para o establecemento ou modificación dos prezos públicos.

Segundo: Que as delegacións anteriores se suxeiten ao seguinte réxime:

a) Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo, en consecuencia, ao Pleno da corporación a resolución dos recursos de reposición e extraordinarios de revisión que se presentaren contra os actos administrativos ditados en exercicio de facultades delegadas.

b) Os acordos que adopte a Xunta de Goberno Local en exercicio destas facultades delegadas indicarán esta circunstancia.

c) O Pleno conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos que emanen en virtude da delegación, debendo ser informado con anterioridade á adopción de decisións de transcendencia.

d) Os acordos que deban ser adoptados pola Xunta de Goberno Local no exercicio destas atribucións delegadas deberán ser previamente ditaminados pola Comisión Informativa correspondente, salvo os que sexan declarados urxentes, neste último caso darase conta á comisión do acordo tomado na primeira sesión que tivera lugar.

e) O Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas adoptando as mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

f) O Pleno mantén a competencia para declarar a nulidade ou a lesividade das atribucións delegadas mediante este acordo.

g) O ámbito temporal deste acordo cinguese ao presente mandato.

Terceiro: De conformidade co previsto no art. 51 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais o presente acordo surtirá efectos desde o día seguinte a súa adopción con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto: Notificar persoalmente este acordo aos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo de que se dea conta do mesmo ao referido órgano.

Quinto: Proceder, de conformidade co art. 51 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e co art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á publicación do presente no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no portal transparencia.

Malpica de Bergantiños, a 18 de xullo de 2023

O alcalde,

Asdo.: Eduardo J. Parga Veiga

2023/5955

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Secretaría

Cese do concelleiro, sr. Cañizo Garrido, como membro da xunta de goberno local e, en consecuencia, perda da condición de primeiro tenente de alcalde e da condición de concelleiro delegado de servizos, turismo e festexos

ANUNCIO

En cumprimento do preceptuado polo RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía 415/2024, do 19 de agosto de 2024, pola que se cesa ao concelleiro. Sr. Cañizo Garrido, como membro da Xunta de Goberno Local perdendo, en consecuencia, a condición de Primeiro Tenente de Alcalde e a condición de Concelleiro Delegado de Servizos, Turismo e Festexos, sendo esta do seguinte tenor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CESE DO CONCELEIRO, SR. CAÑIZO GARRIDO, COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E, EN CONSECUCIÓN, PERDA DA CONDICIÓ DE PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE E DA CONDICIÓ DE CONCELEIRO DELEGADO DE SERVIZOS, TURISMO E FESTEXOS

EXPEDIENTE: 2024/X999/000242

Considerando que pola Resolución da Alcaldía 398/2023, do 03/07/2023, o concelleiro, Sr. Cañizo Garrido, foi nomeado membro da Xunta de Goberno Local e Primeiro Tenente de Alcalde.

Considerando que pola Resolución da Alcaldía 399/2023, do 04/07/2023, efectuouse delegación xenérica, respecto das áreas ou materias servizos, turismo e festexos, no concelleiro membro da Xunta de Goberno Local, Sr. Cañizo Garrido, Concellaría delegada de Servizos, Turismo e Festexos.

Considerando que de conformidade coa normativa de réxime local corresponde á Alcaldía nomear e separar libremente, dando conta ao pleno, aos membros da Xunta de Goberno Local e aos Tenentes de Alcalde, e que ademais estes últimos perden dita condición pola perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local, así os arts. 46 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Considerando que de conformidade coa normativa de réxime local pérdese a condición de Concelleiro-Delegado por revogación da delegación, adoptada polo Alcaldía ou pola perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local, así o art. 120 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vistos, pois, os antecedentes expostos, de conformidade e en uso das facultades que me confiren os arts. 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, o art. 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e os artigos antes citados do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e os correspondentes de desenvolvemento das referidas leis,

RESOLVO:

Primeiro: Cesar como membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica de Bergantiños ao Concelleiro, D. Alfredo Cañizo Garrido, perdendo, en consecuencia e tras dito cese, a condición de Primeiro Tenente de Alcalde e a condición de Concelleiro delegado Servizos, Turismo e Festexos.

Segundo: Notificar a presente resolución ao citado concelleiro, Sr. Cañizo Garrido.

Terceiro: Proceder, de conformidade co preceptuado polo RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e co art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no portal transparencia, dando conta da mesma ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.

En Malpica de Bergantiños, a 20 de agosto de 2024.

O alcalde,

Asd.: Eduardo J. Parga Veiga

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Secretaría

Nomeamento como membro da xunta de goberno e tenente de alcalde do concelleiro, Sr. Mato Garrido, e establecemento da correspondente orde de nomeamento das tenencias de alcaldía, mandato 2023-2027

ANUNCIO

NOMEAMENTO COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO E TENENTE DE ALCALDE DO CONCELLEIRO, SR. MATO GARRIDO, E ESTABLECEMENTO DA CORRESPONDENTE ORDE DE NOMEAMENTO DAS TENENCIAS DE ALCALDÍA, MANDATO 2023-2027

En cumprimento do preceptuado polos arts. 46 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía 490/2024, do 30 de setembro de 2024, pola que se procede ao nomeamento como membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica de Bergantiños ao Sr. Concelleiro, D. Rodrigo Mato Garrido e se establece o correspondente orde de nomeamento das tenencias de alcaldía, sendo esta do seguinte tenor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO E TENENTE DE ALCALDE DO CONCELLEIRO, SR. MATO GARRIDO, E ESTABLECEMENTO DA CORRESPONDENTE ORDE DE NOMEAMENTO DAS TENENCIAS DE ALCALDÍA, MANDATO 2023-2027

EXPEDIENTE: 2024/X999/000270

Tras a perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local, e en consecuencia da condición de 1º Tenente de Alcalde, do Concelleiro, Sr. Cañizo Garrido, considérase que resulta necesario e conveniente proceder ao nomeamento dun novo membro da Xunta de Goberno Local e dun novo Tenente de Alcalde, establecéndose, ademais, a correspondente orde de nomeamento en relación as tenencias de alcaldía, modificándose, así, en parte a Resolución da Alcaldía núm. 398/2023, do 03/07/2023.

Vistos, pois, os arts. 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; os arts. 59, 61, 62 e 65 seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e os arts. 35, 41, 46 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica de Bergantiños ao Sr. Concelleiro, D. Rodrigo Mato Garrido.

Así, a Xunta de Goberno Local estará/quedarán integrada por este Alcalde, que exercerá a Presidencia, e os/as Sres./Sras. Concelleiros/as: D. Miguel Ángel Fernández Mirás; Dª. Noelia Freijeiro Novo; Dª. María Soledad Blanco Gorín e D. Rodrigo Mato Garrido.

Segundo: Nomear Tenente de Alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños ao Sr. Concelleiro, D. Rodrigo Mato Garrido, membro da Xunta de Goberno Local, establecéndose a seguinte orde de nomeamento das tenencias de alcaldía:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. Miguel Ángel Fernández Mirás.

Segunda Tenente de Alcalde: Dª. Noelia Freijeiro Novo.

Terceira Tenente de Alcalde: Dª. María Soledad Blanco Gorín.

Cuarto Tenente de Alcalde: D. Rodrigo Mato Garrido.

Terceiro: De conformidade co previsto nos arts. 46 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais notificar a presente aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as nomeados/as e/ou afectados/as (orde de nomeamento tenencias alcaldía), surtindo efectos a mesma desde o día seguinte a súa firma, previa aceptación dos/das nomeados/as, e con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A referida aceptación poderá ser expresa, consignándoa así no duplicado da notificación, ou tácita se no termo de tres días hábiles non manifesta o contrario ante a Alcaldía.

Cuarto: Proceder, de conformidade cos arts. 46 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e co art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no portal transparencia, dando conta da mesma ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)".

En Malpica de Bergantiños, 03/10/2024

O Alcalde.

Eduardo J. Parga Veiga

2024/6966